

LINGUA GALEGA

Endesa pecha centrais térmicas en León e Aragón cando debería pechar As Pontes, o **complexo** máis contaminante.

5 Endesa vén de informar **que** presentou o **día** 19 deste mes solicitud formal de peche para as centrais térmicas de carbón de **Compostilla** (León) e Andorra (Teruel). A xustificación de Endesa polo **peche** é **fundamentalmente** de rendibilidade económica ao **non ver** claro que as grandes inversións que precisa teñan retorno “interesante”, xa que para adaptarse á nova directiva comunitaria de emisións industriais precisaría grandes inversións e prefire outros negocios (en renovables, por exemplo) teoricamente mais rendibles.

10 Queda claro que Endesa ao elixir Andorra e Compostilla atrasa o proceso de descarbonización, xa que tería que empezar polos focos máis contaminantes e maiores emisores, e sen dúbida a central térmica de carbón das Pontes non só é o máis contaminante de Galicia, senón do Estado.

15 Para os que defenden a ultranza os postos de traballo e as térmicas de carbón, pódese dicir que pechar algo non ten por que ser necesariamente traumático sempre que o peche conleve plans de futuro alternativos e con investimentos adecuados que non só conserven os postos de traballo das industrias que pechan, senón que os implementen en novos proxectos. Falta só que estes plans se apliquen e para iso está ou debe estar o Goberno. Sen dúbida as renovables son a alternativa ao carbón e estas xa contaminaron

20 de máis.

(R. Varela Díaz, *Galicia Confidencial* 22.12.2018)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *central térmica* (l. 1), *solicitud formal* (l. 3), *retorno* (l. 6), *directiva comunitaria* (l. 7), *rendible* (l. 9) (1 punto).
2. Escriba o tema do texto e indique as ideas principais (2 puntos).
3. Indique a categoría gramatical das seguintes palabras no texto (destacadas en letra negra): *complexo* (l. 2), *que*, *día*, *de* (l. 3), *as*, *Compostilla* (l. 4), *peche*, *fundamentalmente* (l. 5), *non*, *ver* (l. 6) (1 punto).
4. Conxugue o pluscuamperfecto de indicativo e o presente de subxuntivo dos verbos *ser*, *ter*, *servir*, *estar*, *pedir* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).